



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### EDICTO

Todos os Concellos segundo o establecido no art. 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), deben prestar, entre outros servizos, o servizo de iluminación pública

O concepto de iluminación pública só inclúe a iluminación destinada a espazos de titularidade ou uso público, quedando excluído deste servizo calquera tipo de iluminación en ámbitos privados, servizo que segundo o disposto na lexislación referenciada no parágrafo anterior, non corresponde ao Concello.

Excepcionalmente tamén se inclúe neste servizo, a iluminación pública de servidumes de paso constituídas conforme á Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, situadas estas nas proximidades dos núcleos de poboación, que dan acceso a vivendas e son lugares de tránsito habitual de vehículos ou persoas.

Durante os anos 2019 e 2020 por este Concello executáronse tres actuacións en varias zonas do municipio para a renovación dos alumeados públicos municipais, con emprego de luminarias tipo led que permitiron reducir drasticamente o gasto enerxético municipal, así como tamén renovar instalacións de certa antigüidade e mellorar a calidade da iluminación mediante o emprego de luz branca. No ano 2021 está prevista a execución de una 4ª fase.

Para a execución destas primeiras actuacións o Concello de Ordes obtivo do Instituto para la Diversificación y Ahorro Energético (IDAE) tres subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño), que cubriron o 80% do investimento, en concreto **425.723,81 €** nos tres proxectos, o que posibilitou a súa financiación, xa que doutro xeito o investimento para acometer en solitario resultaría moito máis complicado.

A norma que regula este programa de axudas, recolle entre os requisitos de obrigado cumprimento, que todas os alumeados públicos reformados han de cumprir co descrito na regulamentación vixente no ámbito da iluminación pública, aspectos que serán revisados por este organismo en fase de inspección do investimento realizado, condicionando a entrega final do importe cofinanciado.

Por todo iso, non é posible que sigan conectadas aos centros de mando municipais que foron obxecto de reforma, aqueles farois non destinados á iluminación de espazos públicos (ou servidumes de tránsito) e que, por tanto, non poidan ser consideradas cos dereitos propios dunha iluminación pública, a fin de cumprir co disposto na regulamentación vixente neste ámbito, polo que o Concello debe proceder a desconectar estes farois das instalacións municipais.

En aras de cumprir co principio de igualdade e igual trato para toda a poboación do municipio na prestación de servizos municipais obrigatorios, nos próximos meses procederáse coa desconexión definitiva para a totalidade de luminarias que non se axustan actualmente á legalidade vixente, de modo que se desconectarán do servizo e pago público todos aqueles farois que se atopan iluminando inmobles exclusivamente privados, ou carentes de calquera outro uso considerado de carácter público (servidumes de paso, aparcamentos públicos en espazos privados, ... etc.)

**O prazo máximo previsto desconexión da totalidade de luminarias que iluminan exclusivamente ámbitos privados será o 31/05/2021.**

Ordes, 18 de xaneiro de 2021

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo